



Expediente 725/2025

Asunto: ACTA TRIBUNAL DE VALORACIÓN DE MÉRITOS, PUNTUACIÓN TOTAL, PROPOSTA DE CANDIDATO/A E LISTA DE RESERVA DO ACCESO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN Á PRAZA DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DE ARQUITECTO/TÉCNICO DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, GRUPO A, SUBGRUPO A-2 ,

ASISTENTES

Presidente: Verónica Cháves González
Vogais:
Pilar Fernández Alonso
María José Fernández Lamas
Andrea Otero Otero
Secretaria: María Isabel Fragueiro Piñeiro

En sesión celebrada o día 16/04/2026 ás 13:00horas, reúnese o tribunal para valoración de méritos da fase de concurso para o proceso selectivo para o acceso mediante concurso-oposición á praza de funcionario de carreira de arquitecto/técnico do concello de Pazos de Borbén, da escala de administración especial, grupo A, subgrupo A-2. Existindo o quorum existido para a válida celebración procédese a iniciar a sesión.

1.-Valoración dos méritos

Aberta a sesión e tralo exame da documentación presentada, faise constar que, respecto da documentación presentada pola aspirante Araceli Gómez Fresco, na data de presentación da solicitude só enumera o curso de “HERRAMIENTAS CE3X e o curso de ARQUÍMIDES, PRESTO.”, pero respecto destes dous cursos non se adxuntou ningunha documentación acreditativa xunto coa instancia de participación. En data 09/04/2026 e número de rexistro de entrada do Concello de Pazos de Bobén 2026-E-RE-409 (fóra xa do prazo de presentación de instancias) presenta os títulos referidos deses dous cursos.

En base ao artigo 4 das Bases reguladoras do proceso selectivo , no que se indica:
“... Os méritos non acreditados xunto coa instancia de participación non serán tidos en conta. Na fase de concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias. O tribunal poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados e sen xustificación achegada coa instancia.”





En consecuencia co exposto o tribunal acorda por unanimidade non valorar os citados cursos de HERRAMIENTAS CE3X e o de ARQUÍMIDES, PRESTO.” presentados con posterioridade á solicitude para formar parte no proceso selectivo, coa motivación de aplicación do establecido no artigo 4 das bases reguladoras.

- Tralo exame da documentación presentada, os membros do tribunal valoran, por unanimidade, os méritos presentados polas aspirantes que superaron o segundo exercicio, dacordo co establecido nas bases, resultando a puntuación provisional seguinte:

Nome e apelidos	DNI	Valoración méritos
ANA CELIA BARCIA RODRÍGUEZ	**8345***	7,00 puntos (3 formación específica + 4 experiencia)
ARACELI GÓMEZ FRESCO	**4825***	6,30 puntos (2,30 formación específica + 4 experiencia)

2.- Puntuación total

- Con respecto a valoración do idioma galego as dúas persoas aspirantes acreditaron estar en posesión do Celga 4 ou equivalente debidamente homologado, polo que o tribunal asigna 1 punto a cada unha das dúas persoas aspirantes polo coñecemento do idioma galego, dacordo coas bases.

- Finalizada a fase de valoración de méritos, vistas as puntuacións do primeiro e segundo exercicio, acreditación do idioma galego e valoración de méritos, resulta a seguinte puntuación provisional total do proceso selectivo, por orde de puntuación:

Nome e apelidos	DNI	1º Exercicio	2º Exercicio	Coñecemento do galego	Valoración de méritos	TOTAL
ANA CELIA BARCIA RODRÍGUEZ	**8345***	5,89	8,40	1,00	7,00	22,29
ARACELI GÓMEZ FRESCO	**4825***	5,11	5,00	1,00	6,30	17,41

- De conformidade coas bases, establécese un prazo de tres días hábiles dende a publicación do resultado da fase de concurso no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no que os aspirantes poderán presentar alegacións ou observacións ás puntuacións asignadas.

Se algún aspirante quere ter acceso ao seu expediente ou exercicios, deberá solicitalo por escrito e notificaráselle por escrito o día e hora en que poderá velo. Se quere copia dalgún dos citados documentos deberá aboar a taxa correspondente e solicitalo así mesmo por escrito.





A valoración provisional total entenderase elevada a definitiva no caso de que non existan alegacións, e, só en tal caso de que non se produzan alegacións no citado prazo de tres días hábiles, o tribunal propón á Alcaldía os puntos 3 e 4 que se recollen a continuación:

3. Proposta de candidato para nomeamento coma funcionaria de carreira para praza de funcionario de carreira de arquitecto/técnico do concello de Pazos de Borbén, da escala de administración especial, grupo A, subgrupo A-2.

Á vista das puntuacións finais, e tendo en conta que o número de aprobados non pode pasar o número de prazas vacantes convocadas no proceso selectivo (1), o tribunal propón para o seu nomeamento coma funcionaria de carreira - praza de funcionario de carreira de arquitecto/técnico do concello de Pazos de Borbén, da escala de administración especial, grupo A, subgrupo A-2, ao seguinte aspirante que aproba o proceso selectivo:

- Ana Celia Barcia Rodríguez co DNI **8345***

Segundo o disposto no artigo 9 Bases reguladoras do proceso selectivo para o acceso mediante concurso-oposición á praza de funcionario de carreira de arquitecto/técnico do concello de Pazos de Borbén, da escala de administración especial, grupo A, subgrupo A-2, a aspirante proposta disporá do prazo de vinte días naturais desde que se publiquen as listas de aprobados na sede electrónica, para achegar os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Dado o prazo de 3 días hábiles para alegacións a que se refire o punto 2 da presente acta, o prazo anterior dos 20 días naturais comezarán a computar unha vez finalizado este prazo de 3 días hábiles sen presentarse alegacións, momento no que as puntuacións provisionais pasarán a ser definitivas, e unha vez que se proceda á publicación correspondente ao respecto no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web dacordo coas bases. En caso de presentarse alegacións este tribunal terá que volver a reunirse, realizándose novo pronunciamento ao respecto.

4. Lista de reserva

En aplicación do disposto no artigo 10 das bases reguladoras do proceso selectivo, “o tribunal elaborará tamén por orde decrecente de puntuación unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que, superando todos os exercicios da fase de oposición, non obtivesen praza, lista de agarda que poderá empregarse para a cobertura temporal de postos/prazas por persoal funcionario interino de arquitecto técnico sempre que concorran algunha das circunstancias descritas nos artigos 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público e 23 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.”

A lista de reserva, confeccionada por orde de maior a menor puntuación, será sometida á aprobación do Sr. Alcalde.





Á vista das puntuacións totais, o tribunal propón a seguinte lista de agarda por orde:
- Araceli Gómez Fresco

Dado o prazo de 3 días hábiles para alegacións a que se refire o punto 2 da presente acta, e esta proposta de lista de agarda ao igual que a proposta de nomeamento, será definitiva unha vez transcorra o prazo de alegacións de 3 días hábiles sen presentarse alegacións. No caso de que existan alegacións o tribunal terá que volver a reunirse, realizándose novo pronunciamento ao respecto.

Contra as resolucións e os actos de trámite deste Tribunal, si estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Sr. Alcalde, no prazo de 1 mes (LPAC).

Sen mais asuntos que tratar, pola presidencia dáse por terminada a sesión as 13:30 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto a Acta que someto á sinatura da Presidenta e Vogais

